

PRIMEIROS AUXILIOS E SOCORRISMO ACUÁTICO

PROGRAMACIÓN

**IES ROSALÍA DE CASTRO. SANTIAGO DE
COMPOSTELA**

**MÓDULO 7 DO SEGUNDO CURSO DO CICLO SUPERIOR:
Técnicos en Animación de Actividades Físicas e
Deportivas. CURSO: 2017-2018.**

MANUEL XESÚS MARQUE MARQUE

INTRODUCCIÓN.....	3
RELACIÓN SECUENCIAL DAS UNIDADES DE TRABALLO.....	5
BLOQUE I. PREVENCIÓN DE ACCIDENTES NO MEDIO ACUÁTICO..	8
BLOQUE II. RESCATE ACUÁTICO.....	13
BLOQUE III. PRIMEIROS AUXÍLIOS.....	25
DIRECTRICES PARA A REALIZACIÓN DA AVALIACIÓN INICIAL.....	53
CONTIDOS MÍNIMOS. CALIFICACIÓNS.....	54
REFORZO PARA RECUPERACIÓNS.....	55
FALTAS DE ASISTENCIA E PERDIDA DO DEREITO DE AVALIACIÓN CONTÍNUA.....	56
MEDIDAS DE ATENCIÓN A DIVERSIDADE.....	56
PROGRAMACIÓN DA EDUCACIÓN EN VALORES.....	57
AUTOAVALIACIÓN.....	57
PROPOSTAS PARA A MEMORIA DO CURSO ANTERIOR.....	58

PRIMEIROS AUXILIOS E SOCORRISMO ACUÁTICO

INTRODUCCIÓN

O módulo Primeiros Auxilios e Socorrismo Acuático aparece no título de Técnico Superior en Animación de Actividades Físicas e Deportivas tentando chegar a formación necesaria para que o futuro profesional da animación poida garantir a seguridade dos participantes nas actividades deportivas recreativas, actividades que se desenvolvan indistintamente en medio terrestre e acuático.

As capacidades terminais e os criterios de avaliación especificados dinnos que o obxectivo da formación está encamiñado a que se adquiran os fundamentos necesarios, as destrezas e actitudes que se precisen para garantir a seguridade dos participantes-usuarios, rescatalos do medio acuático se for necesario e administrar os primeiros auxilios.

Ao final do módulo, o alumno será competente para o exercicio profesional do socorrismo acuático, sempre que non existan limitacións legais que llo impidan. Deste xeito, aínda que o socorrismo sexa un complemento para o exercicio do rol de animador, nada debería impedirille, se acredita as capacidades e a competencia requirida, exercer profesionalmente como socorrista acuático.

O Real decreto 2048/1995 especifica que ao remate deste módulo, o alumno deberá ter adquiridas as seguintes capacidades terminais:

- Identificar os primeiros auxilios que se deben prestar para cada tipo de lesión ou enfermidade.
- Aplicar as técnicas de primeiros auxilios en función do tipo de accidente ou lesión e segundo os protocolos establecidos.
- Analizar as posibilidades de perigo en instalacións e zonas acuáticas naturais e os procedementos que se han seguir para realizar o rescate acuático.
- Realizar con seguridade e eficacia as manobras de salvamento acuático.

A prestación de primeiros auxilios que se recolle no currículo oficial non se limita aos típicos en piscina, senón que intenta dar resposta aos máis habituais na práctica deportiva nos distintos medios físicos da animación.

Dános a impresión de que o alumnado que accede ao mercado laboral no noso contorno, unha vez superado o ciclo, se atopa, nunha porcentaxe ben alta, en condicións de traballo que non teñen relación co medio acuático. Polo tanto, e sen descoidarmos os contidos que se refiran á prevención e actuación nese medio, non deixaremos de propiciar competencias no alumno/a que lle proporcionen coñecemento sobre os primeiros auxilios en seco.

A análise de todas as referencias á seguridade e prestación de primeiros auxilios sanitarios que aparecen nas diversas unidades de competencia, e singularmente a necesidade de garantir a seguridade no medio acuático, evidencia que este módulo inclúe tres grandes procedementos do proceso de seguridade, algún deles específico da seguridade en piscinas: a prevención, o rescate acuático e a prestación de auxilios sanitarios de primeira intervención.

Á hora de organizar o proceso de ensinanza-aprendizaxe, tendo en conta a diferenza entre a natureza do contido e as capacidades terminais relativos ao rescate e aos primeiros auxilios, podemos diferenciar dous contidos organizadores de tipo procedemental:

- Prevención de accidentes e rescate no medio acuático.
- Aplicación de primeiros auxilios.

No nivel organizativo, estes contidos aplicativos procedementais podémolos estruturar en catro bloques.

BLOQUE I: Prevención de accidentes en xeral e no medio acuático

BLOQUE II: Rescate acuático

BLOQUE III: Primeiros auxilios

BLOQUE IV: Introducción ao salvamento e socorrismo acuático como deporte

O Bloque IV é complementario e secundario con respecto aos bloques que responden directamente aos aspectos de profesionalidade do técnico. Baséase nun afondamento no rescate acuático enfocado cara ás posibilidades deportivas e como un

recurso para adestrar a condición física e as destrezas do socorrista profesional. Non procede neste módulo dedicar tempo ao que son as destrezas natatorias xerais, as que non son específicas do rescatador acuático. Nadar destramente é un contido de base co que debería chegar a nós o alumnado. Unha persoa sen destrezas natatorias iniciais terá grandes dificultades para remolcar un accidentado; é frecuente encontrar alumnos/as nestas circunstancias, que adoito necesitan moito traballo de aprendizaxe de base para lograr superar o módulo.

RELACIÓN SECUENCIAL DAS UNIDADES DE TRABALLO

Agrupamos as unidades de traballo en tres bloques, tendo en conta que algunhas delas aparecen en máis dun bloque porque contribúen ao desenvolvemento de cada un dos bloques nos que se integran.

BLOQUE I. Prevención de accidentes no medio acuático. Comprende as unidades de traballo 1, 2 e 3.

- U. T. 1.** Nesta unidade preséntase o plan formativo para o curso incidindo en dotalo de significación e xerar predisposición positiva. As horas de currículo son 2.
- U. T. 2.** Esta unidade caracteriza o socorrismo nas súas distintas modalidades e o que debe ser un socorrista profesional. Xustifícase a necesidade da formación para responder ás demandas procedementais, conceptuais e actitudinais identificadas. As horas empregadas serán 4.
- U. T. 3.** Os contidos desta unidade céntranse nos aspectos preventivos. Dedicarémolle 4 horas.

BLOQUE II. Rescate acuático. Comprende as unidades 4, 5, 6, 7, 9, 16, 1 e 2.

- U. T. 4.** Esta unidade introdúcenos nos procedementos, destrezas e fundamentos do rescate acuático ata a chegada ao accidentado. Inclúe as técnicas natatorias de aproximación. Trátase en 6 horas.
- U. T. 5.** Ocúpase do estudo das técnicas de mergullo e do rescate dos accidentados en profundidade. Dédícanse 4 horas.
- U. T. 6.** Estúdanse as destrezas para evitar ser atrapado polo accidentado. Ocupa unha carga horaria de 4 horas.

U. T. 7. Nesta unidade apréndense os procedementos e destrezas para remolcar a nado un accidentado utilizando distintos estilos natatorios específicos do rescate acuático. Dedicarémolle 6 horas.

U. T. 8. É unha unidade dedicada ao salvamento acuático como deporte.

U. T. 9. As destrezas especificadas como criterios de avaliación nas unidades precedentes avalíanse nesta unidade, que se constitúe a xeito de actividade de ensinanza-aprendizaxe complementaria para a automatización, dominio e mellora do rendemento das destrezas estudadas nas unidades anteriores. Utilizaremos 28 horas.

BLOQUE III . Primeiros auxilios. Unidades 10, 11, 12, 13, 14, 15, 16, 17, 1 e 2.

U. T. 10. É unha unidade introdutoria a este bloque. Achega o fundamento conceptual ao proceso e os procedementos xerais de prestación de primeiros auxilios. Utilizaremos 4 horas.

U. T. 11. Afonda nos fundamentos e procedementos do diagnóstico en primeira instancia a un accidentado, co fin de facer unha valoración e o tipo de asistencia. Dedicarémolle 6 horas.

U. T. 12, 13, 14, 15, 16 e 17. Abordan, desde unha perspectiva conceptual fundamentada na primeira parte e procedementalmente na segunda, distintos tipos de accidentes:

- Traumatismos mecánicos: as feridas
- Traumatismos segundo a zona afectada
- Lesións do aparello locomotor
- Traumatismos físicos e químicos
- A síndrome de inmersión
- Accidentes cardiorrespiratorios.

A carga horaria será de 36 horas.

Unidade de Traballo 1.

AMBIENTACIÓN XERAL E INTRODUCCIÓN AO MÓDULO

RESULTADOS DE APRENDIZAXE

Identifica a importancia do coñecemento dos primeiros auxilios como elemento transversal indispensable na educación secundaria.

OBXECTIVOS DIDÁCTICOS

- Coñecer en que consisten os primeiros auxilios.
- Analizar a importancia do módulo neste ciclo.
- Descubrir a relación entre o socorrismo acuático e os primeiros auxilios.
- Profundar no socorrismo acuático como rol profesional específico.

CONTIDOS CONCEPTUAIS

- Os primeiros auxilios nas actividades físicas e deportivas.
- Relación sistémica entre o socorrismo acuático e os primeiros auxilios.
- Xustificación do lugar que ocupa o módulo no ciclo.
- Acheга do módulo á profesionalidade identificada no título.
- Necesidade transversal dos primeiros auxilios.
- O socorrismo acuático como profesión.

CONTIDOS PROCEDIMENTAIS

- Identificación da importancia dos coñecementos básicos de primeiros auxilios no ámbito da saúde pública.
- Comprensión da posibilidade de considerar o socorrismo acuático como unha profesión.

CONTIDOS ACTITUDINAIS

- Exposición das formulacións xerais en que se baseará o desenvolvemento das clases, adaptando os intereses individuais a obxectivos comúns.
- Exposición das formas de recuperación dos alumnos/as con dificultades, sen que supoña un freo ao desenvolvemento normal do currículo.

CRITERIOS DE AVALIACIÓN-CAPACIDADES TERMINAIS

Esta unidade, por ser meramente introdutoria, non recolle significación evidente neste apartado.

METODOLOXÍA

Interésanos a participación do alumno/a no proceso de aprendizaxe. O ensino recíproco permite un grao de individualización moi interesante, atendendo á heteroxeneidade do coñecemento básico e da actitude fronte ao proceso. Outras veces serán procesos de busca e resolución de problemas.

RECURSOS

Contamos coa aula informatizada, o pavillón polideportivo para a realización dun bo número de prácticas, e dispomos das piscinas municipais de Santa Isabel e Sar.

ACTIVIDADES DE ENSINANZA-APRENDIZAXE

Realización de esquemas de traballo, explicando cada unha das unidades de traballo, os seus contidos básicos, os obxectivos e os contidos mínimos para superalas.

Nesta primeira unidade realizaremos diversas actividades enfocadas ao coñecemento do alumno/a. Interésannos os seus antecedentes, a formación previa, o grao de afinidade polo exercicio físico e, en particular, polas actividades acuáticas.

Interésannos tamén os seus problemas de saúde, pois ao coñecérmolos poderemos evitar e previr dificultades durante o desenvolvemento do módulo.

ACTIVIDADES DE AVALIACIÓN E INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN

Polas características da Unidade , non desenvolveremos actividades avaliativas, e faremos unha actividade de avaliación inicial que nos parece indispensable para acadar os obxectivos do Módulo, e da que daremos conta ao remate desta programación.

TEMPORALIZACIÓN

A carga horaria será de 2 horas.

Unidade de Traballo 2

O SOCORRISMO E O SOCORRISTA

Esta unidade presenta o perfil do socorrista desde o punto de vista das aptitudes e actitudes para ser un profesional do socorrismo. Estúdase o estado do socorrismo no noso país e a condición humana do socorrista.

RESULTADOS DE APRENDIZAXE

Identifica o perfil de socorrista dende o punto de vista das aptitudes e actitudes para ser un profesional do socorrismo

OBXECTIVOS DIDÁCTICOS

- Descubrir o socorrismo acuático como futuro laboral.
- Profundar na capacidade propia de ponderar en situacións límite a seguridade propia e os riscos propios e de terceiros.
- Coñecer a necesidade de formación específica para adquirir a competencia de socorrista acuático.
- Identificar o perfil do socorrista acuático.
- Analizar as características propias, e identificar se reúnen un mínimo de condicións sobre as que traballar para converterse en socorrista acuático.

CONTIDOS CONCEPTUAIS

- Aproximación terminolóxica e conceptual ao socorrismo acuático.
- Presentación do socorrismo acuático como predisposición altruísta e garante da seguridade nas actividades de animación deportiva no medio acuático.

- O salvamento e o socorrismo en España e nos países da nosa contorna.
- Repaso ás responsabilidades e requirimentos para o exercicio profesional.
- Calidades e actitudes do socorrista acuático.

CONTIDOS PROCEDEMENTAIS

- Identificación das condicións que debe reunir o futuro socorrista acuático.
- Análise do socorrismo acuático como profesión en Galicia e en España.
- Recompilación de leis e normas que regulan a vixilancia nas zonas de baño en Galicia.
- Consideración da imperiosa necesidade da formación continua no perfil profesional do socorrista acuático.

CONTIDOS ACTITUDINAIS

- Adaptación dos diversos intereses individuais a obxectivos comúns, e aceptación dos condicionantes que poidan derivar.
- Disposición favorable á autoesixencia e superación dos propios límites.

CRITERIOS DE AVALIACIÓN-CAPACIDADES TERMINAIS

Demostrar coñecemento das condicións humanas e físicas do socorrista.

Describir a importancia da actitude e a capacidade de ponderar os riscos no exercicio profesional do socorrista.

Argumentar a necesidade de formación regrada e específica para adquirir a competencia de socorrista acuático.

METODOLOXÍA

Favoreceremos os métodos activos en investigación dos distintos contidos.

RECURSOS

Os referidos na unidade anterior.

ACTIVIDADES DE ENSINANZA-APRENDIZAXE

- Relato dalgunha experiencia real significativa e debate dirixido sobre esta.
- Comparación do currículo de socorrista acuático co do módulo.

- Debate sobre experiencias laborais ou non dos alumnos/as que teñan relación co socorrismo.
- Exposición dos contidos, ligándoos co perfil do socorrista e evidenciando a necesidade de formación específica.

ACTIVIDADES DE AVALIACIÓN

Debate e posta en común do que entendemos por socorrista profesional e voluntario, e o papel que debe xogar cada quen no posto de traballo.

INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN

Rexistros das participacións nos debates, tendo en conta a pertinencia da intervención e o que aporta o esclarecemento dos obxectivos da Unidade.

TEMPORALIZACIÓN

Carga horaria de 4 horas.

Unidade de Traballo 3

O PROCESO DE SEGURIDADE-SOCORRISMO ACUÁTICO. A PREVENCIÓN

RESULTADOS DE APRENDIZAXE

Analiza as principais características das intervencións en primeiros auxilios dende o punto de vista da prevención.

OBXECTIVOS DIDÁCTICOS

- Describir as características das costas galegas, a amplitude quilométrica das súas zonas de baño, a necesidade de normativizar e vixiar o cumprimento da protección das praias.
- Coñecer a necesidade de investir en prevención.
- Descubrir a importancia da vixilancia como elemento básico da estratexia preventiva.
- Estudar os medios e procedementos de prevención de accidentes no medio acuático.

CONTIDOS CONCEPTUAIS

- A prevención como método máis eficaz para evitar accidentes.
- Secuencia de actuación:
 - Prevención
 - Vixilancia
 - Aviso
 - Diagnóstico e toma de decisións
 - Rescate ou salvamento
 - Aplicación de primeiros auxilios
 - Evacuación a un centro sanitario
 - Avaliación e elaboración de informes.
- Principios de seguridade en piscinas e medio natural
- Normativa de seguridade en piscinas
- Responsabilidade do socorrista

CONTIDOS PROCEDEMENTAIS

- Valoración da importancia da información como primeiro aspecto preventivo na evitación de accidentes acuáticos.
- Exposición dos materiais físicos que interveñen na prevención.
- Determinación da vixilancia como elemento indispensable da prevención.
- Análise da importancia das condicións laborais nunha vixilancia eficaz.
- Avaliación dos distintos pasos que se han seguir na pauta de actuación preventiva e unha vez que ocorra o accidente.
- Programación dos procedementos para ter en conta á hora de previr e iniciar, se for o caso, un rescate.

CONTIDOS ACTITUDINAIS

- Plantexamento da necesidade do traballo cooperativo no ámbito do socorrismo e salvamento acuático.
- Participación activa en tarefas comunitarias.

CRITERIOS DE AVALIACIÓN-CAPACIDADES TERMINAIS

Enumerar e describir os tipos de accidentes e lesións máis usuais no medio natural acuático, nas instalacións acuáticas e na práctica da natación, así como as medidas de seguridade para minimizalos.

Expoñer con claridade as pautas e recursos para unha vixilancia eficaz.

Ser capaz de describir unha cadea de supervivencia.

Determinar con claridade a secuencia de actuación ante un accidente acuático.

METODOLOXÍA

Favoreceremos os métodos activos en investigación dos distintos contidos.

RECURSOS

Os referidos en unidades anteriores.

ACTIVIDADES DE ENSINANZA-APRENDIZAXE

- Lectura da lexislación vixente sobre seguridade en piscinas e instalacións e espazos acuáticos.
- Confección dun mapa procedemental sobre o proceso prevención-aviso-rescate.

- Resolución de supostos prácticos sobre o proceso de toma de decisións na intervención.
- Dinámicas participativas sobre os riscos e responsabilidades en instalacións acuáticas.
- Explicación con medios audiovisuais dos procedementos de prevención de accidentes no medio acuático.

ACTIVIDADES DE AVALIACIÓN

Realización dun traballo de recollida de información sobre os aspectos preventivos materiais presentes nos espazos acuáticos da comarca na que vivimos.

INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN

Revisión dos contidos e da forma do traballo individual sobre prevención, valorarase o espírito crítico e a obxectividade.

Test sobre os aspectos legislativos que teñen que ver ca lexislación en prevención e nas relacións laborais do socorrista.

TEMPORALIZACIÓN

Carga horaria de 4 horas.

BLOQUE II

Unidade de Traballo 4

RESCATE ACUÁTICO

RESULTADOS DE APRENDIZAXE

Coñece a secuencia de avistamento, entrada na auga, aproximación ao accidentado, valoración e control, remolque, extracción e práctica dos primeiros auxilios

OBXECTIVOS DIDÁCTICOS

- Coñecer os protocolos de actuación en salvamento acuático segundo as circunstancias do accidentado, do contorno e dos medios con que contén.
- Dominar as técnicas de rescate que se han aplicar en cada caso.
- Estudar os procedementos de salvamento en seco.
- Aplicar os coñecementos teóricos sobre as técnicas de entrada na auga.
- Dominar as técnicas natatorias adaptadas, a aproximación, o control e remolque do accidentado.
- Profundar no dominio de control global sobre un rescate.

CONTIDOS CONCEPTUAIS

- A prevención como método máis eficaz para evitar accidentes.
- Salvamento en seco:
 - Material auxiliar. Características. Cordas. Aro salvavidas. Flopi. Pértegas. Ganchos. Barcas. Táboas. Motos acuáticas.
- Salvamento a nado:
 - Fases do salvamento. Consideracións sobre a roupa/vestimenta.
 - A importancia do contexto, características do terreo.
 - Riscos de entrada na auga.
 - Aproximación, técnicas de natación adaptada.
 - Control sobre o accidentado e remolque.
 - Primeiros auxilios.

CONTIDOS PROCEDEMENTAIS

- Identificación e adopción de medidas de seguridade.
- Vixilancia. Aviso. Sinalización. Protección.
- Valoración da situación dos postos de seguridade.
- Procedementos de contacto cos servizos de emerxencia.
- Utilización e mantemento preventivo do equipamento e material para vixilancia, aviso e actuación.

CONTIDOS ACTITUDINAIS

- Dinamización de actitudes positivas fronte a situacións adversas.

- Plantexamento da necesidade do traballo cooperativo no ámbito do socorrismo e salvamento acuático.
- Participación activa en tarefas comunitarias.

CRITERIOS DE AVALIACIÓN-CAPACIDADES TERMINAIS

Consideramos imprescindible saber utilizar os materiais de apoio en salvamento acuático.

Cómpre dominar o manexo de técnicas natatorias adaptado ao material que se utilice.

Coidamos indispensable dominar as técnicas de natación en todos os estilos, especialmente a natación de costas con patada de braza e patada lateral.

O alumno/a necesita mostrar destreza na utilización das aletas na natación e o mergullo.

Entrar na auga, natación adaptada de aproximación de 25 metros, control e remolque do accidentado utilizando a técnica adecuada segundo e seu estado, remolque de 25 metros e extracción da auga.

METODOLOXÍA

Favoreceremos os métodos activos en investigación dos distintos contidos. Especialmente a superación das barreiras psicolóxicas de adaptación á inmersión.

RECURSOS

Os referidos en unidades anteriores.

ACTIVIDADES DE ENSINANZA-APRENDIZAXE

- Exploración de distintas formas de entrada na auga con avaliación das vantaxes e inconvenientes de cada unha delas dependendo dos contextos.
- Prácticas das técnicas de remolque. Remolque directo cunha man, con dúas mans. Remolque indirecto.
- Prácticas de técnicas de extracción da auga.
- Prácticas de lanzamento de aparellos de auxilio.
- Practica dunha secuencia global de actuación en distintos contextos e con diferentes tipos de accidentado. Accidentado consciente, inconsciente, somerxido.

ACTIVIDADES DE AVALIACIÓN

Revisión da execución práctica das distintas técnicas de entrada na auga, manobras de aproximación e control e remolque do accidentado.

Debates sobre os factores de que depende a elección dunha ou outra técnica na auga.

É preciso que o alumno sea quen de realizar unha secuencia de actuación correcta de un accidentado que se atopa a 25 metros, de remolcalo, quitalo da auga e practicarlle os primeiros auxilios.

INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN

Cuestionario sobre as distintas técnicas, sobre o uso dos distintos tipos de materiais e a súa correcta elección.

Revisión da execución práctica de toda a secuencia de actuación ante un accidente acuático. Avistamento, entrada, aproximación, control, remolque extracción da auga e práctica de primeiros auxilios.

TEMPORALIZACIÓN

Carga horaria de 6 horas teóricas e 20 prácticas correspondentes ao Bloque III.

Unidade de Traballo 5

SALVAMENTO EN PROFUNDIDADE: MERGULLO

RESULTADOS DE APRENDIZAXE

Identifica as técnicas de rescate acuático nas que o accidentado non está o alcance visual e comprende a inmersión de busca

OBXECTIVOS DIDÁCTICOS

- Profundar no coñecemento e mellora das técnicas de rescate acuático.
- Dominar as técnicas de entrada na auga, aproximación, control e remolque.
- Identificar as dificultades do rescate na circunstancia de accidentado somerxido.
- Aprender a coñecer as propias limitacións en rescates complicados.
- Coñecer os potenciais perigos que poida supoñer a apnea mantida.
- Mellorar e dominar a inmersión desde o punto de vista emocional.

CONTIDOS CONCEPTUAIS

- Fenómenos fisiolóxicos que supón a inmersión.
- Alteracións visuais e acústicas.
- Os efectos da presión. Leis físicas dos gases que interveñen no mergullo.
- Dificultades psicolóxicas que poida supoñer para algúns alumnos/as o mergullo.
- Coñecemento das técnicas de dominio do medio acuático en inmersión.

CONTIDOS PROCEDIMENTAIS

- Valoración da situación do accidentado. Localización.
- Coñecemento dos indicadores de avistamento. Burbullas. Remuíño.
- Dominio do medio natural. Desprazamento polas correntes.
- Coñecemento das técnicas para minimizar os efectos adversos da presión.
- Procedementos para a aprendizaxe das técnicas de mergullo.

CONTIDOS ACTITUDINAIS

- Plantexamento da necesidade do traballo cooperativo no ámbito do socorrismo e salvamento acuático.
- Promover actitudes positivas ante as dificultades individuais.
- Evitar a posta en evidencia de limitacións infranqueables.

CRITERIOS DE AVALIACIÓN-CAPACIDADES TERMINAIS

- Mergullarse 25 metros sen emerxer.
- Nadar 20 metros, mergullarse por «golpe de ril», buscar o manequín situado a 2 metros de profundidade, subilo á superficie e remolcalo 25 metros.
- Indicar as características e condicións en que se pode realizar un mergullo.

METODOLOXÍA

Favoreceremos os métodos activos en investigación dos distintos contidos. Especialmente, a superación das barreiras psicolóxicas de adaptación á inmersión.

RECURSOS

Os referidos en unidades anteriores.

ACTIVIDADES DE ENSINANZA-APRENDIZAXE

- Adestramento de mergullo en lonxitude e en profundidade.
- Aprendizaxe da destreza do «golpe de ril».
- Realización de competicións de busca de obxectos debaixo da auga.
- Experimentación dos efectos da presión e práctica de como evitalos.
- Prácticas repetidas de superación persoal nos traballos de mergullo, busca e remolque dun manequín.

ACTIVIDADES DE AVALIACIÓN

Plantexaremos debates sobre as dificultades do mergullo, expoñer as experiencias individuais.

Realización práctica de actividades de mergullo, individualizando a progresión na aprendizaxe, e tendo en conta esta progresión tanto coma o resultado final.

INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN

Test sobre os efectos psicolóxicos e fisiolóxicos do mergullo sobre o noso corpo, e como actuar con seguridade.

Proba práctica de mergullo de 25 metros a recoller un maniquí no fondo da piscina, remolcalo outros 25 metros.

TEMPORALIZACIÓN

Carga horaria de 4 horas, con 10 prácticas correspondentes ao Bloque III.

Unidade de Traballo 6

ZAFADURAS CONTRA PRESAS

RESULTADOS DE APRENDIZAXE

Identifica e analiza as distintas técnicas de liberación no caso de que o accidentado atrape o socorrista.

OBXECTIVOS DIDÁCTICOS

- Coñecer os aspectos emocionais que concorren en situacións de morte inminente, e a forma de afrontalos.
- Identificar precozmente situacións difíciles e anticiparse a elas cunha toma de decisións adecuadas.
- Practicar en seco todo tipo de técnicas de zafaduras.
- Desenvolver procedementos adecuados co fin de evitar a falta de control sobre o accidentado.

CONTIDOS CONCEPTUAIS

- Coñecemento dos distintos tipos de presas.
- Coñecemento e zafaduras ante distintos tipos de presas.
- Contrapesas.
- Directrices que ha coñecer e dominar o socorrista para evitar ser atrapado.

CONTIDOS PROCEDEMENTAIS

- Valoración do estado do accidentado, actuando preventivamente ante a posibilidade das presas.
- Dominio dos procedementos levados ao ámbito práctico.
- Identificación das distintas presas e posta en acción das zafaduras.

CONTIDOS ACTITUDINAIS

- Exposición das fórmulas xerais en que se baseará o desenvolvemento das clases, adaptando os intereses individuais a obxectivos comúns.

- Exposición das formas de recuperación do alumnado con dificultades, sen que supoñan un freo ao desenvolvemento normal do currículo.

CRITERIOS DE AVALIACIÓN-CAPACIDADES TERMINAIS

- O alumno/a deberá realizar en seco as contrapresas ou zafaduras axeitadas á presa que intenta facernos a presunta vítima.
- O alumno/a deberá demostrar coñecemento práctico das contrapresas e zafaduras que deberá realizar no medio acuático.

METODOLOXÍA

Favoreceremos os métodos activos en investigación dos distintos contidos. Especialmente a superación das barreiras psicolóxicas de adaptación á inmersión.

RECURSOS

Os referidos en unidades anteriores.

ACTIVIDADES DE ENSINANZA-APRENDIZAXE

- Práctica de tarefas motrices progresivas para a aprendizaxe das zafaduras.
- En seco, prácticas de zafadura contra distintas presas.
- Na auga, prácticas de zafadura contra distintas presas.
- Na zona profunda da piscina, práctica de procedementos para non ser atrapado por un suposto accidentado.
- Na zona profunda da piscina, práctica de zafaduras contra distintas presas.

ACTIVIDADES DE AVALIACIÓN

Realización práctica das habilidades de solta de presas aprendidas.

INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN

Rexistro do grao de habilidade desenvolvido polo alumno na práctica de soltas ante presas.

TEMPORALIZACIÓN

Carga horaria de 4 horas.

Unidade de Traballo 7

REMOLQUE E EXTRACCIÓN

RESULTADOS DE APRENDIZAXE

Identifica as técnicas e destrezas necesarias para remolcar un accidentado da auga aplicando a técnica idónea para as circunstancias do rescate e a extracción da auga do accidentado.

OBXECTIVOS DIDÁCTICOS

- Coñecer as circunstancias que condicionan a elección da técnica de remolque que se ha empregar en cada rescate.
- Desenvolver as destrezas correspondentes a cada unha das técnicas que se van empregar.
- Estudar as posibilidades dos materiais de remolque, as vantaxes e os inconvenientes de cada un deles.
- Practicar cada unha das técnicas ata dominalas sen detrimento da seguridade do accidentado e do propio socorrista.

CONTIDOS CONCEPTUAIS

- Obxectivos básicos do remolque acuático.
- Estudo dos distintos sistemas de remolque.
- Condicións que deben cumprir os remolques.
- Características das técnicas natatorias adaptadas en cada remolque.

CONTIDOS PROCEDIMENTAIS

- Prácticas das distintas técnicas de remolque:
 - Avaliación do estado do accidentado
 - Nadador canso. Accidentado consciente e inconsciente
 - Accidentado na superficie e afundido
 - Agarres, posicións e estilos natatorios

- Remolque con material
- Prácticas de remolque dun manequín.
- Manexo de aletas, aros, boias, etc.
- Procedementos de extracción do accidentado da auga.

CONTIDOS ACTITUDINAIS

- Plantexamento da necesidade do traballo cooperativo no ámbito do socorrismo e salvamento acuático.
- Promover actitudes positivas ante as dificultades individuais.
- Evitar a posta en evidencia de limitacións infranqueables.

CRITERIOS DE AVALIACIÓN-CAPACIDADES TERMINAIS

O alumno/a ha ser capaz de nadar 25 metros coa técnica adecuada, remolcar o accidentado durante 25 metros e sacalo da auga da forma indicada. Consideramos superada a proba se a realiza en menos de 2 minutos.

O alumno/a realizará o rescate dun suposto accidentado remolcando un manequín que permanece no fondo da piscina; remolcarao 25 metros e é imprescindible mergullarse durante outros 25 metros antes de recollelo.

METODOLOXÍA

Nesta unidade usaremos primordialmente o mando directo, tendo en conta as diferenzas individuais na capacidade de adaptación e dominio do medio acuático.

RECURSOS

Os referidos en unidades anteriores.

ACTIVIDADES DE ENSINANZA-APRENDIZAXE

- Realizaremos exercicios para a aprendizaxe e perfeccionamento das técnicas de remolque.
- Adestramento no remolque de persoas e manequíns.
- Exercicios de dominio da utilización do material de remolque.
- Repetiremos todas as técnicas de extracción da auga da persoa accidentada.

— Adestramento e acondicionamento físico para superar os criterios de avaliación anteriormente referidos.

ACTIVIDADES DE AVALIACIÓN

Realización práctica demostrativa do grao de destreza desenvolvido polo alumno nas técnicas de remolque, a boa elección da técnica e a súa execución.

INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN

Rexistro da práctica realizada, tendo en conta a súa eecución técnica e a velocidade de execución.

TEMPORALIZACIÓN

Carga horaria de 6 horas, sen contabilizar as de práctica.

Unidade de Traballo 8

O SALVAMENTO ACUÁTICO COMO DEPORTE

Esta unidade de traballo, para a miña idea, non ten moito sentido no contexto en que nos movemos. Tenta introducirmos no mundo do salvamento acuático como deporte federado. Cremos que, dado o baixo nivel de adaptación ao medio acuático que posúe o alumnado, é moi difícil alcanzar os niveis mínimos para pensar no deporte de competición; todos sabemos que non está recollida a realización de ningún tipo de proba avaliadora dos candidatos a entrar neste ciclo, o que implica a entrada de alumnos/as con dificultades no medio acuático. Coido oportuno reforzar os contidos e axudar o alumnado que alcance con dificultade os contidos mínimos. Ao longo do Módulo si debatimos sobre a existencia dunha Federación de Socorrismo e Salvamento, e polo tanto da existencia de competicións.

Unidade de Traballo 9

ADESTRAMENTO PRÁCTICO DAS HABILIDADES E DESTREZAS ESTUDADAS NAS UNIDADES DO BLOQUE II

RESULTADOS DE APRENDIZAXE

Valora a importancia da automatización das técnicas e detrezas referidas nas unidades anteriores

OBXECTIVOS DIDÁCTICOS

- Coñecer a finalidade dos primeiros auxilios, e onde se inicia e termina a actuación do socorrista.
- Identificar os principios básicos do socorrismo: protexer, avisar, socorrer.
- Identificar a diferenza entre urxencia e emerxencia.
- Realizar unha correcta valoración do accidentado.
- Describir en que consiste unha cadea de supervivencia.
- Coñecer as pautas de actuación ante accidentes mecánicos.
- Saber que facer e que non facer ante accidentes cardiovasculares e respiratorios.
- Describir as pautas de actuación ante accidentes metabólicos e do sistema nervioso central.
- Coñecer a secuencia de actuación ante accidentes por axentes físicos e químicos.
- Relacionar a gravidade dos accidentes coas responsabilidades adquiridas coa intervención.

ACTIVIDADES DE ENSINANZA-APRENDIZAXE

- Prácticas das destrezas estudadas nas anteriores unidades, para adquirir o dominio especificado nos criterios de avaliación.
- Realización e xustificación da necesidade do quentamento específico.
- Realización, como parte final do quentamento, de exercicios de estiramento e mobilidade articular.
- Adestramento nos distintos estilos de natación, buscando a adquisición dun acondicionamento mínimo que sirva de base a toda a aprendizaxe práctica.
- Adestramento práctico nos distintos estilos de entrada na auga; a experiencia dinos da dificultade dalgúns alumnos/as para mergullárense de cabeza na auga os primeiros días de traballo.
- Adestramento na adaptación á auga e á inmersión.
- Exercicios que aumenten a confianza, sempre cunha ampla marxe de seguridade.
- Prácticas das habilidades motrices específicas da natación con aletas, do mergullo, do remolque de persoas.
- Adestramento da capacidade para determinar con certeza o estado do accidentado e toma de decisións sobre a técnica de remolque que se debe utilizar.
- Familiarización co manexo do material auxiliar tanto en terra como na auga.
- Adestramento nos aspectos básicos que se han considerar no modo de extraer un accidentado dunha piscina.
- Adestramento nas distintas formas de remolque: directo cun agarre, directo con dobre agarre, indirecto con roupa ou calquera material.
- Adestramento do rescate con roupa, con entrada na auga vestidos, retirada da roupa e completar o rescate.

CRITERIOS DE AVALIACIÓN-CAPACIDADES TERMINAIS

Os mínimos que cómpre superar resúmense desde o punto de vista práctico en dúas probas:

- Mergullarse, nadar 25 metros de forma adaptada, achegarse ao accidentado, manter o control para evitar presas, comprobar o estado do accidentado, remolcalo outros 25 metros e sacalo da auga. Todo isto nun tempo que non supere os 2 minutos.

- Entrada na auga de cabeza, avanzar mergullado 25 metros ata recoller no fondo un manequín e remolcalo outros 25 metros nun tempo que non supere un minuto e corenta segundos.

ACTIVIDADES DE AVALIACIÓN

Realización práctica de todas as destrezas traballadas nas Unidades anteriores, valorando a progresión do alumno segundo o grado de dificultade detectado na avaliación inicial, e as capacidades terminais acadadas.

INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN

Proba cronometrada da secuencia de actuación ante un accidente nunha situación estandarizada.

Valorarase a calidade técnica das execucións y a prestreza.

TEMPORALIZACIÓN

Carga horaria de 28 horas.

BLOQUE III

PRIMEIROS AUXILIOS

Neste bloque acométese unha parte fundamental do módulo, pois abrangue todos os aspectos necesarios para adquirir competencias na aplicación dos primeiros auxilios. Constitúe un bloque de unidades de carácter transversal que lle proporciona ao alumnado unha base importante na actuación ante calquera tipo de accidente. Atinxe tanto a aplicación de técnicas específicas no ámbito dos accidentes acuáticos como un amplo percorrido polas numerosas posibilidades de situacións comprometidas ante contratemplos no desenvolvemento do traballo en seco.

Unidade de Traballo 10

A ATENCIÓN SANITARIA INMEDIATA

.

RESULTADOS DE APRENDIZAXE

Identifica os procedementos xerais nas prestación dos primeiros auxilios

OBXECTIVOS DIDÁCTICOS

- Coñecer a finalidade dos primeiros auxilios, e onde se inicia e termina a actuación do socorrista.
- Identificar os principios básicos do socorrismo: protexer, avisar, socorrer.
- Identificar a diferenza entre urxencia e emerxencia.
- Realizar unha correcta valoración do accidentado.
- Describir en que consiste unha cadea de supervivencia.
- Coñecer as pautas de actuación ante accidentes mecánicos.
- Saber que facer e que non facer ante accidentes cardiovasculares e respiratorios.
- Describir as pautas de actuación ante accidentes metabólicos e do sistema nervioso central.
- Coñecer a secuencia de actuación ante accidentes por axentes físicos e químicos.

- Relacionar a gravidade dos accidentes coas responsabilidades adquiridas coa intervención.

CONTIDOS CONCEPTUAIS

- Concepto de *asistencia sanitaria inmediata*.
- Pautas xerais de actuación en accidentes.
- Conceptos de *urxencia e emerxencia*.
- A prevención primaria, secundaria e terciaria.
- A accidentalidade en España e Galicia. Accidentes máis frecuentes e prevención.
- Os servizos de emerxencia: organismos e institucións.
- A comunicación cos sistemas de emerxencias; a comunicación cos accidentados e cos seus familiares ou acompañantes.
- Composición básica da caixa de primeiros auxilios e o seu mantemento.

CONTIDOS PROCEDIMENTAIS

- Detección de situacións que poden provocar accidentes e proposta de medidas de prevención.
- Identificación de situacións de urxencia e de emerxencia.
- Localización dos organismos locais que se ocupan das emerxencias.
- Adopción de medidas de seguridade persoal e do accidentado.
- Identificación das pautas de actuación en cada un dos distintos accidentes posibles.
- Detección dos posibles riscos no traballo por deficiencia nos medios preventivos.

CONTIDOS ACTITUDINAIS

- Exposición dos enfoques xerais en que se baseará o desenvolvemento das clases, adaptando os intereses individuais a obxectivos comúns.
- Formulación das formas de recuperación do alumnado con dificultades, sen que supoña un freo ao desenvolvemento normal do currículo.

CRITERIOS DE AVALIACIÓN-CAPACIDADES TERMINAIS

- O alumno/a describirá con claridade os obxectivos da asistencia sanitaria inmediata.
- Deberá coñecer os accidentes comúns e as medidas xerais de prevención.
- Ante un suposto práctico, terá que identificar que tipo de accidente é e aplicar con seguridade a pauta de actuación específica.

- Demostración práctica dos contidos tratados nos talleres de vendaxes, feridas, hemorragias, etc.

METODOLOXÍA

Interésanos a participación do alumno/a no proceso de aprendizaxe. O ensino recíproca permite un grao de individualización moi interesante, atendendo á heteroxeneidade do coñecemento básico e da actitude fronte ao proceso. Outras veces serán procesos de busca e resolución de problemas.

RECURSOS

Ademais dos recursos utilizados en unidades anteriores, contamos con materiais de simulación de accidente cardiorrespiratorio, e equipamento mínimo para a realización de RCP básica. O centro pon ao noso dispor o material funxible necesario para a realización dos talleres de vendaxes e outras actuacións meramente prácticas.

ACTIVIDADES DE ENSINANZA-APRENDIZAXE

- Explicación do concepto de *primeira asistencia sanitaria*.
- Confección de esquemas procedementais do proceso de prestación de primeiros auxilios.
- Realización de mapas dos procedementos en cada un dos posibles accidentes.
- Clasificación dos accidentes e as súas repercusións.
- Investigación individual do alumno/a de todos os teléfonos posibles para utilizar en caso de emerxencia.
- Preparación cooperativa dunha caixa de primeiros auxilios completa.
- Coñecemento básico das principais familias de medicamentos da caixa de urxencias.
- Redacción práctica dun informe dun accidente.
- Taller de resolución de accidentes. Pautamos catorce posibilidades de accidente que han de identificar, e deberán coñecer o plan de actuación en cada un deles. Para realizar o taller utilizamos un voluntario que teña facilidade para teatralizar as situacións.

ACTIVIDADES DE AVALIACIÓN

- Provocaremos debates sobre as pautas xerais de actuación ante accidentes.
- Realizaremos propostas de mapas de actuación en primeiros auxilios.

INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN

- Rexistro dos debates e dos mapas de planificación de pautas de actuación ante accidentes.
- Proba obxectiva sobre as pautas de actuación en primeiros auxilios. P.A.S.

TEMPORALIZACIÓN

A carga horaria teórica é de 6 horas, pero en realidade utilizamos unhas 8 horas que se recollen en unidades posteriores.

Unidade de Traballo 11

DIAGNÓSTICO E VALORACIÓN DO ACCIDENTADO.

RESULTADOS DE APRENDIZAXE

Coñece o protocolo de valoración primaria dun accidentado.

Identifica os signos vitais.

Discrimina a gravidade se fosen varios os accidentados.

OBXECTIVOS DIDÁCTICOS

- Coñecer a diferenza entre *signo* e *síntoma*. A súa interpretación.
- Descubrir a importancia da información obtida a través da vista, o oído, o olfacto e o tacto.
- Saber valorar o aspecto do accidentado: coloración, sudación, postura, signos de dor.
- Saber valorar o grao de consciencia.
- Saber valorar os signos vitais.

- Discriminar e priorizar a actuación segundo a gravidade dos accidentados.

CONTIDOS CONCEPTUAIS

- Técnicas e protocolos exploratorios.
- Pautas de priorización na valoración: ventilación, pulso, grao de consciencia.
- Protocolo de valoración da ventilación.
- Protocolo de valoración cardiocirculatoria.
- Protocolo de valoración do grao de consciencia. Escala de Glasgow.
- Valoración musculoesquelética. Fracturas. Lesións articulares.
- A exploración xeral pautada. Feridas.

CONTIDOS PROCEDEMENTAIS

- Identificación de signos e síntomas xerais que permiten valorar o estado xeral de accidentados.
- Exploración do grao de consciencia.
- Colocación dos accidentados na posición lateral de seguridade.
- Medición do pulso carotídeo. Medición noutras arterias
- Medición da frecuencia respiratoria e tensión arterial.
- Exploración visual, por palpación, olfactiva e auditiva.

CONTIDOS ACTITUDINAIS

- Adaptación dos diversos intereses individuais a obxectivos comúns, e aceptación dos condicionantes que poidan derivar.
- Disposición favorable á autoesixencia e superación dos propios límites.

CRITERIOS DE AVALIACIÓN-CAPACIDADES TERMINAIS

O alumno terá que:

- Enumerar as diferentes formas de obter información rápida sobre o accidente.
- Explicar o concepto de *pulso* e as diferentes arterias nas que se toma.
- Saber medir a frecuencia respiratoria e a temperatura e interpretar os seus valores.
- Valorar de forma práctica o grao de consciencia, baseándose na Escala de Glasgow.
- Superar unha proba práctica sobre supostos traballados na unidade, consistente en toparse de forma inesperada cun dos catorce tipos de accidente estudados e

identificar que tipo é; realizar as manobras pertinentes se é posible e, se non, manifestar verbalmente as pautas que se han seguir.

- Realizar unha autoavaliación crítica da propia actuación, analizando os aspectos positivos e negativos, e explicando cales son os procedementos que se han seguir para eliminar os fallos.

METODOLOXÍA

Favoreceremos os métodos activos en investigación dos distintos contidos.

RECURSOS

Os referidos na unidade anterior. Pulsímetro, fonendoscopio e esfigmomanómetro.

ACTIVIDADES DE ENSIÑANZA-APRENDIZAXE

- En parella, realizar diversas medicións no compañeiro/a en repouso, e despois dun tempo de esforzo. Mediremos a frecuencia cardíaca na carótide, femoral e radial. Valorar o ritmo respiratorio e a temperatura.
- En parella, descubrir o son do corazón a través do fonendoscopio e, manexando un esfigmomanómetro, tentar medir os valores da tensión arterial.

ACTIVIDADES DE AVALIACIÓN

- Tras visualizar diversos tipos de accidentes simulados, realizar a identificación de signos e síntomas máis importantes, determinar as prioridades de actuación e argumentalas.
- Con compañeiros/as, simular os catorce accidentes tipo, sobre os que realizaremos un exame práctico recollendo os aspectos fundamentais das pautas de actuación en cada un deles.

INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN

Rexistro da capacidade do alumno para identificar os signos vitais, para identificar o tipo de accidente , e actuar en consecuencia.

TEMPORALIZACIÓN

A carga horaria será de 8 horas sen contar as prácticas.

Unidade de Traballo 12

TRAUMATISMOS MECÁNICOS I. AS FERIDAS

RESULTADOS DE APRENDIZAXE

Coñece o plan de actuación fronte a unha ferida simple.

Identifica os distintos tipos de feridas segun a gravidade.

Identifica as posibles complicacións das feridas.

OBXECTIVOS DIDÁCTICOS

- Coñecer as formas de prevención primaria e secundaria fronte aos traumatismos da pel.
- Clasificar o traumatismo segundo sexa producido por axentes físicos, químicos ou mecánicos.
- Identificar os distintos tipos de feridas.
- Coñecer as complicacións das feridas segundo sexan abertas ou pechadas.
- Identificar o grao de gravidade das feridas.
- Estudar o proceso infeccioso e as pautas para evitalo.
- Investigar o descubrimento histórico da asepsia e a súa importancia na saúde pública.

CONTIDOS CONCEPTUAIS

- Concepto e clasificación dos traumatismos.
- Estrutura e funcións da pel e anexos.
- Definición de *ferida*. Tipos. Aspectos para ter en conta desde o punto de vista da prevención.
- Feridas abertas: tipos. Complicacións e o seu tratamento.
- Feridas pechadas. Pauta de actuación ante unha ferida non complicada.
- Concepto de *asepsia* e *antisepsia*.

- Lavado das feridas, lavado das mans. Prevención de contaminación da ferida e da contaminación do socorrista.

CONTIDOS PROCEDEMENTAIS

- Repaso ás formas de actuación fronte ás feridas ao longo da historia. Avances en microbioloxía e anestesia.
- Identificación e estudo de produtos antisépticos.
- Análise das medidas xerais.
- Identificación e valoración das feridas. Limpeza de feridas abertas.
- Realización dun taller práctico sobre a primeira atención a unha ferida.
- Realización de diversas intervencións prácticas en contusións oculares, nasais, torácico-abdominais e nos membros.

CONTIDOS ACTITUDINAIS

- Favorecer a participación ante situacións potencialmente de pasividade por medo, provocando unha reacción positiva de axuda e socorro.
- Impulsar o espírito solidario e o compoñente altruísta de toda actuación de socorro.

CRITERIOS DE AVALIACIÓN-CAPACIDADES TERMINAIS

- O alumno/a deberá coñecer as normas básicas para previr a complicación das feridas e diferenciar os distintos tipos de feridas a partir de imaxes.
- Valorarase o coñecemento do material de limpeza de feridas e a súa correcta manipulación.
- O alumno/a coñecerá o manexo de distintos apósitos e vendaxes de feridas, así como as características das feridas punzantes e por arma de fogo.
- É imprescindible a correcta manipulación dunha ferida non complicada.

METODOLOXÍA

Favoreceremos os métodos activos na investigación dos distintos contidos.

RECURSOS

Os sinalados na unidade anterior. Material de curas.

ACTIVIDADES DE ENSINANZA-APRENDIZAXE

- Práctica con compañeiros/as de colocación de apósitos e a súa vendaxe en diversas zonas do corpo.
- Práctica da identificación da gravidade e resolución dunha epistaxe sen deformación dos ósos propios do nariz.
- Práctica da colocación de apósitos en contusións oculares e feridas na cara.
- Describir con claridade a técnica de limpeza das feridas e os materiais que se han utilizar.
- Confección de apósitos e vendaxes con material alternativo: panos, roupa limpa etc.

ACTIVIDADES DE AVALIACIÓN

Realización práctica individual das técnicas de actuación ante distintas feridas, Identificación do tipo de ferida , limpeza e medidas para unha correcta evacuación.

INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN

Rexistro da eficacia na actuación práctica.

Test sobre os contidos que se refiren o manexo das feridas dende o punto de vista dos primeiros auxilios.

TEMPORALIZACIÓN

Carga horaria de 10 horas.

Unidade de Traballo 13

TRAUMATISMOS MECÁNICOS II

Esta unidade de traballo aborda os traumatismos xerais desde a perspectiva da súa repercusión en órganos internos.

RESULTADOS DE APRENDIZAXE

Identifica as medidas de prevención primaria e secundaria nos traumatismos mecánicos en xeral.

Coñece a relación dos diversos signos coa gravidade.

Determina de forma rápida y eficaz o plan de intervención.

OBXECTIVOS DIDÁCTICOS

- Coñecer as medidas de prevención primaria e secundaria que se deben adoptar nos traumatismos mecánicos en xeral.
- Clasificar os traumatismos segundo os síntomas e signos, e valorar o seu grao de gravidade.
- Identificar e priorizar segundo a gravidade das lesións.
- Determinar as accións que se han realizar.
- Aplicar, utilizando os recursos dispoñibles, todas as medidas necesarias para controlar o accidentado e evitar o seu agravamento.
- Coñecer todos os protocolos de actuación segundo os órganos afectados.

CONTIDOS CONCEPTUAIS

- Traumatismos cranioencefálicos (TCE):
 - Clasificación
 - Lesións que poden producir
 - Protocolo de valoración do grao de consciencia
 - Criterios para ter en conta no rescate e transporte
- Lesións de cabeza, cara e pescozo:
 - Tratamento das feridas na cabeza
 - Lesións na cara
 - Lesións nos ollos e orellas
 - Traumatismos nasais
 - Traumatismos no pescozo
- Lesións da columna vertebral:
 - Mecanismos de produción
 - Tipos de lesión
 - Gravidade das lesións medulares
 - Identificación e pautas de actuación
- Traumatismos torácicos:
 - Tipos: abertos, pechados
 - Mecanismos de produción
 - Signos, síntomas e protocolos de actuación
- Traumatismos abdominais:
 - Traumatismos abertos e pechados

- Abdome agudo
- Signos, síntomas e a súa valoración
- Politraumatismos:
 - Concepto de *paciente politraumatizado*
 - Valoración do politraumatizado
 - Protocolo de actuación e transporte

CONTIDOS PROCEDEMENTAIS

- Identificación dos signos e síntomas de todos accidentes que afecten a estruturas explicadas nos contidos conceptuais.
- Valoración de accidentados e determinación da gravidade.
- Determinación das prioridades de actuación.
- Colocación do accidentado aplicando os protocolos de prevención secundaria.
- Utilización e optimización dos recursos dispoñibles e correcto traslado do accidentado.

CONTIDOS ACTITUDINAIS

- Favorecer a participación ante situacións potencialmente de pasividade por medo, provocando unha reacción positiva de axuda e socorro.
- Impulsar o espírito solidario e o compoñente altruísta de toda actuación de socorro.
- Espertar a necesidade de ser solidario na vida e, sobre todo, en caso de accidente.

CRITERIOS DE AVALIACIÓN-CAPACIDADES TERMINAIS

O alumno estará capacitado para:

- Relacionar signos e síntomas co tipo de lesión.
- Valorar a gravidade das lesións.
- Realizar con habilidade as manobras de inmovilización e traslado.
- Describir as complicacións graves que poidan xurdir.
- Determinar o protocolo de actuación ante supostos prácticos propostos.

METODOLOXÍA

Favoreceremos os métodos activos na investigación dos distintos contidos. Especialmente, a superación das barreiras psicolóxicas de adaptación a situacións emocionalmente comprometidas.

RECURSOS

Os indicados na unidade anterior. Material de curas.

ACTIVIDADES DE ENSEÑANZA-APRENDIZAXE

Faremos unha exposición esquemática coas secuencias de actuación ante os diferentes tipos de accidentes:

- Manipulación e tratamento de feridas superficiais.
- Realización de vendaxes en distintas zonas anatómicas.
- Colocación de colares cervicais e manipulación de traumatizados no pescozo.
- Realización dunha improvisación sobre a inmovilización e traslado dun accidentado vertebral.
- Práctica de estabilización de obxectos cravados no tórax e o abdome.
- Manipulación e traslado de compañeiros/as con traumatismos en diversas partes da anatomía.
- Avaliación autocrítica dos erros cometidos en cada actuación práctica.

ACTIVIDADES DE AVALIACIÓN

Realizaremos a posta en práctica dos plans de actuación ante distintos tipos de accidentes mecánicos, atendendo a súa identificación, o “que facer” e o “que non facer”.

INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN

Rexistro da eficacia nas formas de actuación práctica ante accidentes mecánicos.
Test sobre os contidos teóricos da clasificación de accidentes mecánicos, e pautas xerais de actuación en cada un deles

TEMPORALIZACIÓN

Carga horaria de 8 horas.

Unidade de Traballo 14

ACCIDENTES DO APARELLO LOCOMOTOR

RESULTADOS DE APRENDIZAXE

Coñece os protocolos de actuación en accidentes que ocasionan lesións no aparello locomotor.

Identifica con claridade a gravidade das lesións.

Determina as técnicas de mobilización e inmovilización.

OBXECTIVOS DIDÁCTICOS

- Coñecer os principais indicadores de identificación de lesións no aparello locomotor.
- Identificar as fracturas, as escordaduras, as luxacións e outras lesións musculares.
- Coñecer os mecanismos de produción das lesións e as consecuencias que producen.
- Determinar a gravidade das lesións e as actuacións que se han levar a cabo en cada caso.
- Estudar as técnicas de mobilización e transporte do accidentado.

CONTIDOS CONCEPTUAIS

- Mecanismos de produción de lesións do aparello locomotor:
 - Traumatismos directos e indirectos
 - Forzas e resistencia do tecido óseo
 - Fracturas por outras causas non traumáticas
- Fracturas:
 - Signos e síntomas
 - Clasificación das fracturas
 - Protocolo de actuación nas fracturas máis frecuentes
- Lesións articulares:
 - Clasificación dos accidentes articulares
 - Escordaduras e os seus graos

- Subluxacións e luxacións
- Protocolo de actuación en cada caso
- Lesións musculotendinosas:
 - Clasificación dos accidentes musculotendinosos
 - Lesións estruturais. Roturas. Hernias.
 - Lesións funcionais. Cambra. Elongación. Distensión. Contractura
 - Protocolos de actuación en cada unha delas

CONTIDOS PROCEDEMENTAIS

- Identificación de signos e síntomas de:
 - Fracturas
 - Escordaduras
 - Luxacións
 - Lesións músculotendinosas
- Valoración dos mecanismos de produción e a gravidade.
- Determinación da gravidade dos accidentados e accións que se han realizar.
- Coñecemento das técnicas de inmovilización e transporte.

CONTIDOS ACTITUDINAIS

- Favorecer a participación ante situacións potencialmente de pasividade por medo, provocando unha reacción positiva de axuda e socorro.
- Impulsar o espírito solidario e o compoñente altruísta de toda actuación de socorro.
- Espertar a necesidade de ser solidario na vida e, sobre todo, en caso de accidente.

CRITERIOS DE AVALIACIÓN-CAPACIDADES TERMINAIS

- O alumno será quen de:
- Explicar as causas máis frecuentes de lesións do aparello locomotor.
 - Relacionar cada síntoma e signo con cada tipo de lesión.
 - Describir a secuencia de actuación en cada unha das lesións.
 - Aplicar todo o protocolo de actuación nun suposto práctico con compañeiros/as.
 - Identificar o modo de manipular o accidentado segundo o tipo de lesión.

METODOLOXÍA

Favoreceremos os métodos activos en investigación dos distintos contidos. Especialmente, a superación das barreiras psicolóxicas de adaptación a situacións emocionalmente comprometidas.

RECURSOS

Os referidos na unidade anterior. Material de curas e inmovilización.

ACTIVIDADES DE ENSINANZA-APRENDIZAXE

- Realizaremos prácticas de inmovilización dos membros superior e inferior con material de inmovilización improvisado.
- Demostración práctica con audiovisuais das técnicas de identificación e colocación de férulas e vendaxes.
- Realización práctica da mobilización de accidentados e transporte seguindo as normas de seguridade.
- Observación minuciosa dos procesos de volta á actividade física de persoas que sufriron accidentes no aparello locomotor.

ACTIVIDADES DE AVALIACIÓN

Realización práctica da mobilización de accidentados e transporte seguindo as normas de seguridade.

Valoración práctica da identificación dos distintos accidente articulares, diferenciación entre escordadura e luxación.

Práctica sobre os signos de identificación das fracturas mais frecuentes.

INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN

Rexistro das actividades prácticas realizadas, valorando o grao de seguridade co que actúa o alumno.

Cuestionario teórico sobre as particularidades das fracturas mais frecuentes.

TEMPORALIZACIÓN

Carga horaria de 8 horas prácticas.

Unidade de Traballo 15

TRAUMATISMOS FÍSICOS E QUÍMICOS

RESULTADOS DE APRENDIZAXE

Identifica as medidas preventivas pra evitar accidentes por axentes físicos e químicos.

Coñece os signos e síntomas das lesións provocadas polo frío ou calor e mesmo por tóxicos.

Desenvolve eficazmente protocolos de actuación para este tipo de accidentes.

OBXECTIVOS DIDÁCTICOS

- Coñecer os signos e síntomas de queimaduras, golpe de calor, conxelacións, hipotermia, hidrocución, intoxicacións, picaduras, trabadas, accidentes por tóxicos.
- Establecer os criterios que se han seguir para evitar o agravamento do accidente.
- Valorar a gravidade e as prioridades de actuación.
- Coñecer todos os recursos dispoñibles para minimizar as consecuencias do accidente.
- Aplicar en cada caso o protocolo de actuación establecido.

CONTIDOS CONCEPTUAIS

- Accidentes producidos pola calor:
 - Queimaduras
 - Golpe de calor
 - Deshidratacións
- Accidentes producidos polo frío:
 - Conxelacións
 - Hipotermia
 - Hidrocución
- Accidentes producidos pola electricidade.
- Accidentes producidos por axentes químicos:
 - Intoxicacións

- Picaduras e trabadas
- Anafilaxia

CONTIDOS PROCEDEMENTAIS

- Identificación dos signos e síntomas de:
 - os accidentes por calor
 - os accidentes por frío
- Valoración da gravidade e prioridades de actuación.
- Manipulación das lesións e do accidentado.
- Aplicación dos recursos dispoñibles segundo os protocolos de actuación.

CONTIDOS ACTITUDINAIS

- Favorecer a participación ante situacións potencialmente de pasividade por medo, provocando unha reacción positiva de axuda e socorro.
- Impulsar o espírito solidario e o compoñente altruísta de toda actuación de socorro.
- Espertar a necesidade de ser solidario na vida e sobre todo en caso de accidente.

CRITERIOS DE AVALIACIÓN-CAPACIDADES TERMINAIS

O alumno deberá ser quen:

- Relacionar signos e síntomas co tipo de lesión correspondente.
- Valorar a gravidade das lesións a partir dos signos xerais e específicos.
- Describir as complicacións que poden xurdir nas lesións producidas por calor, frío, electricidade e axentes químicos.
- Explicar as medidas adecuadas e as actuacións incorrectas no tratamento de queimaduras e lesións producidas polo frío.
- Enumerar as causas que poden producir un choque anafiláctico.

METODOLOXÍA

Favoreceremos os métodos activos en investigación dos distintos contidos. Especialmente, a superación das barreiras psicolóxicas de adaptación a situacións emocionalmente comprometidas.

RECURSOS

Os indicados na unidade anterior. Material de curas e tratamento de queimaduras.

ACTIVIDADES DE ENSINANZA-APRENDIZAXE

- Realizaremos secuencias de forma esquemática da actuación ante diferentes tipos de lesións.
- Descrición de remedios caseiros utilizados frecuentemente para as queimaduras e análise da eficacia ou inconveniencia da súa aplicación.
- Aplicación dos coñecementos teóricos a supostos prácticos.
- Presentación de imaxes de diferentes tipos de lesións producidas por calor, frío e axentes químicos.

ACTIVIDADES DE AVALIACIÓN

Posta en práctica as pautas de actuación fronte a lesións producidas polo frío e polo calor. Exposición sobre as principais medidas preventivas para evitar estes accidentes.

Demostración do coñecemento das medidas preventivas e pautas de actuación no caso de accidentes producidos por tóxicos.

INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN

Rexistro das habilidades prácticas antes lesións por axentes físicos ou químicos.
Proba obxectiva escrita sobre os contidos da Unidade.

TEMPORALIZACIÓN

Carga horaria de 8 horas.

Unidade de Traballo 16

A SÍNDROME DE INMERSIÓN

RESULTADOS DE APRENDIZAXE

Identifica as medidas preventivas para evitar afogamentos.

Coñece a morbilidade e mortalidade por afogamentos en Galicia.

Establece protocolos de actuación no caso de accidentes por afogamentos

OBXECTIVOS DIDÁCTICOS

- Coñecer as medidas preventivas que se han adoptar para evitar afogamentos.
- Descubrir a morbilidade por afogamento no ámbito de Galicia.
- Identificar as circunstancias que poidan provocar accidentes por inmersión.
- Recoñecer os signos premonitorios da síndrome de hidrocución.
- Identificar e actuar consecuentemente ante un accidente por inmersión.

CONTIDOS CONCEPTUAIS

- Coñecemento das características da anoxia.
- A anoxia por inmersión.
- O afogado en auga doce e salgada.
- Concepto de *hidrocución*.
- Prevención e actuación ante un accidente por hidrocución.

CONTIDOS PROCEDIMENTAIS

- Aproximación terminolóxica e conceptual ao afogamento.
- Desenvolvemento dos diferentes tipos de afogamento.
- O afogado por asfixia, o seu comportamento.
- O choque térmico ou hidrocución. Mecanismos e características.
- Factores que preceden a hidrocución.

CONTIDOS ACTITUDINAIS

- Favorecer a participación ante situacións potencialmente de pasividade por medo, provocando unha reacción positiva de axuda e socorro.

- Impulsar o espírito solidario e o compoñente altruísta de toda actuación de socorro.
- Espertar a necesidade de ser solidario na vida e, sobre todo, en caso de accidente.

CRITERIOS DE AVALIACIÓN-CAPACIDADES TERMINAIS

O alumno deberá ser capaz de:

- Identificar os criterios de prevención de accidentes por inmersión.
- Recoñecer as reaccións físicas indicadoras de risco por inmersión.
- Elaborar un resumo das pautas xerais de actuación ante un accidentado por anoxia no medio acuático.

METODOLOXÍA

Favoreceremos os métodos activos na investigación dos distintos contidos. Especialmente, a superación das barreiras psicolóxicas de adaptación a situacións emocionalmente comprometidas.

RECURSOS

Os indicados na unidade anterior. Material de curas e tratamento de queimaduras. Piscina de 25 metros con toda a dotación de prevención e actuación en salvamento acuático.

ACTIVIDADES DE ENSINANZA-APRENDIZAXE

- Explicación dos contidos con apoio audiovisual e informático.
- Debate sobre a necesidade da prevención dos accidentes por inmersión.
- Papel do socorrista na morbilidade de accidentes por inmersión.
- Repaso das pautas de actuación neste tipo de accidentes.

ACTIVIDADES DE AVALIACIÓN

O alumno realizará un informe sobre a casuística deste tipo de accidente en Galicia. Estudando as medidas de prevención reais e os motivos que según el fai que non sean eficaces.

INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN

Valoración do traballo realizado, do seu contido da forma de presentación.

TEMPORALIZACIÓN

Carga horaria de 8 horas.

Unidade de Traballo 17

ACCIDENTES CARDIORRESPIRATORIOS

RESULTADOS DE APRENDIZAXE

Coñece a prevalencia de accidentes cardiorespiratorios no mundo occidental , e na nosa comunidade autónoma.

Identifica os factores de risco cardiovascular.

Identifica os síntomas e signos dun accidente cardiovascular.

Determina o plan de actuación ante unha parada cardíaca e ante unha hemorragia.

OBXECTIVOS DIDÁCTICOS

- Identificar os distintos tipos de hemorragia.
- Coñecer a pauta de actuación en todo tipo de hemorragias.
- Determinar as complicacións máis frecuentes nos accidentes hemorráxicos.
- Recoñecer os síntomas e signos dunha hemorragia interna.
- Coñecer e realizar as manobras de RCP básico.
- Profundar nas pautas de actuación en accidentes obstructivos das vías respiratorias altas.

CONTIDOS CONCEPTUAIS

- Hemorragias:
 - Tipos de hemorragias: arterial, venosa, capilar. Internas, externas e exteriorizadas
 - Signos de complicación dunha hemorragia
 - Protocolos de actuación
 - Concepto de *choque*. Signos e síntomas. Protocolos de actuación

- A reanimación cardiopulmonar (RCP):
 - Protocolo de identificación de accidente cardiopulmonar
 - Técnica de masaxe cardíaca
 - Técnica de ventilación asistida
 - RCP en nenos e lactantes

CONTIDOS PROCEDEMENTAIS

- Identificación de signos e síntomas de hemorraxias.
- Determinación do tipo de hemorraxia e a súa contía.
- Valoración da pauta de actuación segundo os recursos dispoñibles.
- Coñecemento das zonas de compresión.
- Valoración do pulso periférico e ventilación eficaz.
- Realización eficaz das técnicas de ventilación asistida e masaxe cardíaca externa.

CONTIDOS ACTITUDINAIS

- Favorecer a participación ante situacións potencialmente de pasividade por medo, provocando unha reacción positiva de axuda e socorro.
- Impulsar o espírito solidario e o compoñente altruísta de toda actuación de socorro.
- Espertar a necesidade de ser solidario na vida e, sobre todo, en caso de accidente.

CRITERIOS DE AVALIACIÓN-CAPACIDADES TERMINAIS

O alumno demostrará competencias en:

- Identificación nun manequín e mais en compañeiros das arterias periféricas máis importantes, toma de pulso e puntos de compresión.
- Demostración práctica de compresión con vendaxes e colocación de torniquetes.
- Demostración práctica das pautas de actuación e técnicas en epistaxe e otorraxia.
- Realización das manobras de ventilación boca a boca.
- Realización práctica das manobras de masaxe cardíaca.
- Realización práctica da manobra de Heimlich.

METODOLOXÍA

Favoreceremos os métodos activos na investigación dos distintos contidos. Especialmente, a superación das barreiras psicolóxicas de adaptación a situacións emocionalmente comprometidas.

RECURSOS

Os sinalados nas unidades anteriores. Dispoñemos dun manequín de resucitación cardíaca, material de vendaxe, apósitos, etc.

ACTIVIDADES DE ENSINANZA APRENDIZAXE

- Definir o concepto de *hemorraxia* e os seus tipos
- Enumerar a pauta de actuación en cada tipo de hemorraxia.
- Localizar por parellas as arterias máis importantes e os seus pulsos.
- Expor con claridade as circunstancias especiais nas que está xustificada efectuar un torniquete.
- Describir os principais signos de identificación dunha hemorraxia interna.
- Explicar e efectuar co manequín a correcta técnica de resucitación cardiorrespiratoria.
- Realizar de forma adecuada a manobra de Heimlich.

ACTIVIDADES DE AVALIACIÓN

Posta en práctica por parellas as técnicas de identificación e plan de actuación dunha hemorraxia externa.

Posta en práctica a identificación dos signos de hemorraxia interna.

Realización do protocolo actualizado de RCP básica.

Exposición de cando e como se debe de usar un desfibrilador.

INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN

Test sobre os contidos teóricos da Unidade

Rexistro da eficacia na realización práctica das manobras ante unha hemorraxia e ante unha parada cardiorrespiratoria ou un accidente obstructivo agudo da vía aérea.

TEMPORALIZACIÓN

Carga horaria de 8 horas.

DIRECTRICES E INSTRUMENTOS PARA A REALIZACIÓN DA AVALIACIÓN INICIAL

A avaliación inicial é o proceso de toma de decisións que serve para planificar a intervención educativa a partir do coñecemento das capacidades e necesidades dos alumnos, e das características do entorno. Será preciso analizar a realidade das persoas que forman o grupo, tanto individualmente e como colectivo, este análise realizarase dende o marco de traballo na aula , tratando de definir as competencias dos alumnos en función do currículo a desenvolver, e das necesidades que se plantexen.

Precisamos de instrumentos que nos sirvan para definir a situación de cada alumno e ademáis para comprender esa situación, e nos axuden a tomar as decisiónsaxeitadas. Empregaremos instrumentos de rexistro de datos, como datos persoais, escolares, prelaborais e sociofamiliares etc.

Completaremos a avaliación inicial cos instrumentos clásicos de avaliación como son os cuestionarios e una proba estandarizada tipo test sobre as capacidades básicas para afrontar o estudo do Módulo.

CUESTIONARIO INICIAL. Os indicadores deste cuestionario son: datos persoais e familiares, nivel de estudos realizados, interese na realización do módulo, información sobre o contido do mesmo, grao de experiencia, expectativas sobre o módulo. Inclúense cuestións como actividades profesionais realizadas no sector e outras que se consideren relevantes.

CUESTIONARIO DE COÑECEMENTOS PREVIOS. Baseado nos contidos do módulo e nos contidos do ciclo.

Reunión de todo o profesorado do ciclo, levantarase acta de avaliación, co fin de proporcionar información pertinente sobre a situación do grupo de alumnos/as que están a iniciar esta etapa do seu proceso formativo, e , de axustar, desde un principio, a actuación educativa as necesidades do grupo.

CONTIDOS MÍNIMOS PARA SUPERAR O MÓDULO

MÍNIMOS EXIXIBLES

UD.1. Introducción o Módulo.

CA.1. Identificáronse as principais características do Módulo.

UD.2. O socorrismo e o socorrista.

CA.2.1 Demostrouse coñecemento das condicións humanas e físicas do socorrista.

CA.2.2 Identificáronse a importancia da actitude e a capacidade de ponderar os riscos no exercicio profesional do socorrista.

UD.3.O proceso da seguridade no socorrismo acuático. A prevención.

CA.3.1. Identificáronse e describíronse as medidas de seguridade para evitar accidentes.

CA.3.2. Expuxéronse con claridade os recursos para unha vixilancia eficaz.

CA.3.3. Determinouse a secuencia de actuación ante un accidente acuático.

CA.3.4. Identificáronse os distintos elementos dunha cadea de supervivencia.

UD.4. Rescate acuático.

CA. 4.1. Demostrouse saber utilizar os materiais de apoio en salvamento acuático.

CA.4.2. Demostrouse dominar as técnicas de entrada na auga e nado adaptado.

CA.4.3. Demostrouse coñecer as técnicas de control do accidentado.

CA.4.4. Demostrouse empregar ben as técnicas de remolque do accidentado.

CA.4.5. Demostrouse dominar as técnicas de extracción da auga e primeiros auxilios.

UD.5. Salvamento en profundidade. Mergullo.

CA.5.1. Identificouse a importancia da vixilancia no caso da inmersión do accidentado.

CA.5.2. Describíronse as características dun rescate que precise mergullar.

- CA.5.3. Seleccionáronse os materiais a empregar para un rescate con mergullo.
- CA.5.4. Demostrouse ser capaz de mergullar 25 metros sen emerxer.
- CA.5.5. Demostrouse ser quen de nadar 20 metros, mergullarse por “golpe de ril” buscar o manequín situado a 2 metros de profundidade, subilo e remolcalo 25 metros.

UD.6. Zafaduras contra presas.

- CA.6.1. Identificáronse as distintas técnicas de zafadura.
- CA.6.2. Demostrouse dominar as técnicas ante o apresamento por un compañeiro.
- CA.6.3. Demostrouse dominar as técnicas de zafadura en inmersión.

UD.7. Remolque e extracción.

- CA.7.1. Identificáronse as distintas técnicas de remolque e extracción da auga.
- CA.7.2. Demostrouse ser quen de nadar 25 metros coa técnica axeitada, remolcar o accidentado 25 metros e sacalo da auga sen límite de tempo.
- CA.7.3. Demostrouse ser quen de nadar 25 metros , mergullarse e rescatar un manequín , remolcando 25 metros, sen límite de tempo.

UD.9. Adestramento práctico do estudado no Bloque II.

- CA 9.1. Demostrouse ser quen de nadar 25 metros de forma adaptada, a chegarse ao accidentado, manter o control para evitar presas, comprobar o estado do accidentado, remolcalo outros 25 metros e sacalo da auga.
- CA 9.2. Demostrouse ser quen de nadar 25 metros, mergullarse e rescatar un manequín, remolcando 25 metros.

UD. 10. A atención sanitaria inmediata.

- CA 10.1. Identificáronse con claridade os obxectivos da asistencia sanitaria inmediata.
- CA10.2. Describíronse os accidentes mais comúns e as medidas xerais de prevención.
- CA 10.3. Identificáronse ante supostos prácticos os tipos de accidentes e a aplicación segura das pautas de actuación en cada un deles.
- CA 10.4. Demostrouse na práctica o coñecemento do tratado nos talleres prácticos.

UD 11. Valoración do accidentado.

- CA 11.1. Identificáronse as distintas formas de obter información rápida sobre o accidente.

- CA 11.2. Expuxéronse con acerto as diferentes formas de identificar o pulso.
- CA 11.3. Interpretáronse con claridade as formas de determinar unha respiración normal, a súa frecuencia e profundidade.
- CA 11.4. Identificáronse as formas de determinar a temperatura corporal.
- CA 11.5. Valoráronse con atino os graos de consciencia- Escala de Glasgow-.
- CA 11.6. Demostráronse na práctica saber que facer ante supostos prácticos , identificando o tipo de accidente, realizar as técnicas axeitadas se é posible ou manifestar verbalmente cal sería a pauta de actuación.
- CA 11.7. Identificáronse cales foron os erros e os acertos na práctica realizada.

UD 12. Traumatismos mecánicos I. As feridas.

- CA 12.1. Identificáronse cales son as normas básicas para prever a complicación das feridas .
- CA 12.2. Identificáronse a través de imaxes os distintos tipos de feridas.
- CA 12.3. Demostráronse coñecementos sobre a limpeza e manipulación de feridas.
- CA 12.4. Identificáronse os distintos tipos de materia de curas para feridas.

UD 13. Traumatismos mecánicos II.

- CA 14.1. Demostráronse capacidades de relacionar signos e síntomas co tipo de lesión
- CA 14.2. Identificáronse a gravidade de distintos tipos de lesións.
- CA 14.3. Realizáronse con habilidade as manobras de inmovilización e traslado.
- CA 14.4. Describíronse con atino as complicacións graves que poidan xurdir.
- CA 14.5. Determináronse os protocolos de actuación ante os supostos propostos.

UD 14. Accidentes do aparello locomotor.

- CA 14.1. Explicáronse as causas máis frecuentes de lesións no aparello locomotor.
- CA 14.2. Identificáronse cada síntoma e cada signo con cada tipo de lesión.
- CA 14.2. Describíronse as secuencias de actuación en cada unha das lesións.
- CA 14.3. Aplicáronse os protocolos axeitados os supostos prácticos.
- CA 14.4. Identificáronse os modos de manipulación de accidentados.

UD 15. Traumatismos físicos e químicos.

- CA 15.1. Relacionáronse signos e síntomas co tipo de lesión correspondente.
- CA 15.2. Seleccionáronse as lesións segundo a gravidade.

CA 15.3.Describíronse as complicacións que poden xurdir nas lesións producidas por calor, frío, electricidade e axentes químicos.

CA 15.4.Explicáronse as medidas adecuadas e as actuacións incorrectas no tratamento de queimaduras e lesións producidas polo frío.

CA 15.5.Identificáronse as causas que poden producir un choque anafiláctico.

UD 16. A síndrome de inmersión

CA 16.1. Identificáronse os criterios de prevención de accidente por inmersión.

CA 16.2. Recoñecéronse as reaccións física indicadoras de risco por inmersión.

CA 16.3. Elaboráronse pautas xerais de actuación ante un accidentado por anoxia no medio acuático.

UD 17. Accidentes cardiorespiratorios

CA 17.1.Identificáronse nun manequín e mais en compañeiros as arterias periféricas mais importantes, tomas de pulsos e puntos de compresión.

CA 17.2.Demostráronse na práctica a correcta colocación de vendaxes de compresión E a colocación de torniquetes.

CA 17.3.Demostrouse na práctica o coñecemento das técnicas de solución na epistaxe e na otorraxia.

CA 17.4.Identificáronse con atino os accidentados que sofren unha parada cardíaca.

CA 17.5.Identificáronse con atino os accidentados con parada respiratoria.

CA 17.6.Realizáronse correctamente as manobras de masaxe cardíaca.

CA 17.7.Realizáronse correctamente as manobras de ventilación boca a boca.

CA 17.8. Demostráronse coñecementos prácticos para a realización da manobra de Heimlich.

. Este é un módulo eminentemente práctico, que precisa de especial coidado coas limitacións individuais fronte a situacións novas e pouco controlables, incluso para técnicos cualificados en emerxencias.

Consideramos que os contidos do módulo están pensados para alumnos/as que teñan un dominio amplo do medio acuático. Non sempre se cumpre esa premisa, o que nos obriga a adaptar os ritmos de evolución das clases para evitar deixar descolgados grupos de alumnos/as.

É indispensable superar as probas prácticas:

- Proba de remolque dun accidentado: entrada na auga e natación adaptada de aproximación, control do accidentado e remolque segundo as técnicas estudadas.
- Proba de remolque dun manequín: entrada na auga e nadar mergullado 25 metros, busca dun manequín somerxido e remolque de 25 metros.
- Proba de actuación práctica sobre supostos estudados de socorro a un accidentado. Realízase un sorteo individual de doce posibles accidentes, e o alumno/a dispón de 30 segundos para identificar o accidente, etc.

Realizaremos tres probas teóricas, unha por cada bloque, nas que o alumno/a demostrará o coñecemento e dominio dos contidos expostos.

CALIFICACIÓNS

Cada exame teórico suporá un 30% da nota do Bloque, e a proba práctica un 70%. Nas probas prácticas de remolque dun accidentado ou dun manequín, precisase completar a proba cun 5, a parte teórica non compensaría unha nota inferior a 5 na parte práctica.

REFORZOS PARA RECUPERACIÓNS

Propoñemos actividades de reforzo fóra do horario do módulo para o alumnado co que sexa xustificable realizalas. Repetiremos as distintas probas de avaliación, sobre todo as prácticas, para aqueles alumnos/as que, por razóns xustificadas, teñan especial dificultade en superalas.

Consideramos importante ter en conta, na avaliación final, o feito de que este ciclo é eminentemente práctico e que require unha especial condición individual para alcanzar os obxectivos fixados. Debemos ter en conta que alumnos e alumnas con dificultades conceptuais no nivel teórico, non presentan atranco ningún nos aspectos meramente prácticos que se relacionan coa súa futura incorporación ao mundo laboral.

FALTAS DE ASISTENCIA E PERDIDA DO DEREITO Á AVALIACIÓN CONTÍNUA: EXAME FINAL

Segundo a Orde de 12 de xullo de 2011, o profesor levará o control no seu caderno e rexistrará no programa de xestión todas as faltas do alumnado, que serán introducidas, como mínimo semanalmente.

Cando un alumno/a se reincorpore despois dunha ausencia pode presentar un xustificante ao profesor. Cada profesor asinará no reverso do dito xustificante dándose por informado. O xustificante entregarase ao titor/a para a súa custodia.

O profesor, de acordo co establecido na normativa vixente, rexistrará todas as faltas do alumnado, xustificadas e sen xustificar, de tal xeito que o máximo que pode acadar calquera alumno/a será dun 10% sen xustificación máis un máximo dun 5% con xustificación. As xustificacións serán sempre documentais empregando un impreso deseñado polo departamento. Neste cupo do 5% a maiores poderán incluírse tamén aquelas faltas por participar nua xornada de inasistencia ás clases como medida de protesta colectiva. En todo caso un alumno ou alumna para cada módulo que curse non poderá ter máis do 10% de faltas sen xustificar e un 5% xustificadas, podendo chegar cos dous conceptos ata o 15% no curso académico.

A comunicación da situación do número de faltas será responsabilidade do titor ou titora, que o fará por escrito, sendo obrigatorio o apercibimento previo cando acade un 6% de faltas respecto da duración total do módulo, tal e como contempla a lexislación vixente.

Estes alumnos ou alumnas non perden obrigatoriamente o seu dereito de asistencia a clase, aínda que o profesor poderá non permitir a realización das actividades que estime oportunas.

O alumnado que perde o dereito á avaliación continua terá dereito a unha proba final extraordinaria de acordo co establecido no artigo 25.5 da Orde do 12 de xullo de 2011. A cualificación obtida na devandita proba consignarase na avaliación do curso correspondente. O devandito alumnado non terá dereito a realizar as correspondentes actividades de recuperación a que se refiren os artigos 29.3, 31.4 e 34.3 da Orde de 12 de xullo de 2011.

Logo de iniciadas as actividades lectivas,(segundo o artigo 10 da Orde do 12 de xullo de 2011) o centro realizará a baixa de oficio da matrícula cando un alumno ou unha

alumna non asistan inxustificadamente á clase durante o resto do curso académico de xeito continuado por un período superior a 15 días lectivos ou, de xeito descontínuo por un período superior a 25 días lectivos. Para tales efectos deberá quedar constancia na secretaría do centro da comunicación o alumno ou alumna desta circunstancia administrativa.

MEDIDAS DE ATENCIÓN A DIVERSIDADE.

Tanto a planificación coma o desenvolvemento do currículo deben favorecer o tratamento da diversidade e aproveitar a potencialidade do grupo coma recurso educativo. Nesesenso a estrutura e o contido dos elementos curriculares tenderán a pluralidade a todo tipo de intervención na aula.

- Diseñarsituacións de ensino-aprendizaxe que garanten acadar capacidades, partindo das habilidades que se teñan.
- Teimar nos contidos relativos a procedementos e actitudes que marcan menos diferencias que os conceptos, co gallo de acadar un desenvolvemento equilibrado do alumnado.
- Propormetodoloxías variadas, coma o traballo cooperativo que faciliten a participación do conxuntodende una perspectiva incluínte.
- Escoller una avaliación formativa dirixida a valorar o proceso e o avance na consecución dos obxectivos ordinarios ou adaptados e o tipo de axudapedagóxica que precise cada alumno.
- Avaliar os procesos de ensinanza y especialmente as medidas de atención a diversidadepropostas, valorando a súa adecuación as intenciónsplantexadas, as dificultades atopadas e as propostas de mellora.

PROGRAMACIÓN DA EDUCACIÓN EN VALORES

Contemplamos o tratamento transversal da educación en valores que teñan como obxectivo: fomentar a convivencia democrática e mesmo participativa; favorecer as medidas e actuacións para prever conflitos, impulsando a igualdade entre mulleres e homes; asegurando a total ausencia de discriminación por opción sexual, cultural, relixiosa ou por pertenza a calquer minoría racial ou doutro tipo.

Potenciaremos a interculturalidade, a paz e a solidariedade como motor de actuación dentro da aula, así como os hábitos saudables e o consumo responsable. Vixiaremos o bo uso das novas tecnoloxías, o respecto ao medio ambiente e o desenvolvemento sostible. Temos que conseguir que o alumnado adquira actitudes e comportamentos baseados en opcións libremente escollidas e asumidas mediante a reflexión e o análise.

AUTOAVALIACIÓN

Propoñemos un modelo de autoavaliación que conteña os principais parámetros que miden o grao de calidade das tarefas docentes. O obxectivo é comprobar se se alcanzaron os mínimos programados, detectar problemas e mellorar as posibles deficiencias observadas.

- Grao de cumprimento da programación, especialmente referido a temporalización e contidos mínimos.
- Grao de aplicación de avaliación continua.
- Análise das causas que puideron incidir positiva ou negativamente nos resultados.
- Valoración do grao de eficacia das actividades de recuperación.
- Valoración do cuestionario sobre o grao de satisfacción do alumnado co módulo e co ciclo.

MEMORIA DO CURSO ANTERIOR

Na memoria do pasado curso non se recolle ningua proposta novedosa ni modificación, por ter acadado plenamente os obxectivos do Módulo.

